



.....

Encontro

Paisaxes tatuadas: a arte esquemática pintada no noroeste peninsular á luz dos novos achados

Encontros Monográficos co Patrimonio Cultural 29

.....

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Martes, 18 de febreiro de 2020



Dende hai mais dunha década, está aberta unha importante liña de investigación sobre o encontro de grandes tradicións de arte rupestre prehistórica no noroeste peninsular, que nestes dous últimos anos vén a ser reforzada polo achado de sitios con Pintura Rupestre Esquemática ou Arte Esquemática Pintada nas áreas surorientais de Galicia e que confirma o seu enorme potencial. Esta xornada ten como obxectivo mostrar un panorama integrado destes achados, tendo en conta o conxunto das manifestacións de arte rupestre da totalidade do noroeste peninsular, onde se coñecen ata a actualidade máis de 50 sitios.

A denominación de Pintura Rupestre Esquemática ou Arte Esquemática Pintada integra un conxunto de manifestacións gráficas relacionadas coas sociedades prehistóricas. En xeral, os motivos caracterízanse pola simplificación formal e polo uso de trazos lineais simples, dunha soa cor e en tinta plana, aplicada directamente coa xema do dedo (dixitación) ou con pinceis. A cor máis empregada é o vermello, resultado de pigmentos de uso mineral e aglutinados con auga ou algunha materia graxa, aínda que poden aparecer outras cores. Representábase a figura humana reducida aos seus trazos máis elementais, acompañada de motivos xeométricos, xeralmente obtidos a partir de liñas con ángulos rectos, manchas de puntos e aliñacións de barras verticais e ocasionais representacións de figuras solares e de cuadrúpedes. As imaxes parecen funcionar máis como ideogramas, sendo menos frecuente a representación de escenas.

Os núcleos máis importantes desta tradición distribúense na área suroriental peninsular, aínda que tamén se coñecían importantes conxuntos en Trás-os-Montes (Portugal), Salamanca, Zamora, León e Asturias. A súa busca polo sur oriental de Galicia comezou hai máis dunha década, seguindo a idea da continuidade xeográfica con estes conxuntos nos límites fronteirizos, como o val do Támega, na raia sur, ou o núcleo do Bierzo, polo Sil. Finalmente, dous descubrimentos casuais no ano 2017 confirmaron o potencial, apareceu primeiro pintura na Cova dos Mouros da Fontaneira (Baleira, Lugo) e posteriormente no Penedo Gordo (Vilardevós, Ourense). Recentemente, descubriuse un importante conxunto de pinturas en Casaio (Valdeorras, Ourense) e novamente na comarca de Monterrei, no conxunto arqueolóxico do Castelo das Laxes das Chás/Lobarzán, neste caso sobre granito.

Moitos deses sitios sitúanse no ámbito xeográfico dos vales de ríos importantes, que serviron como corredores de circulación, polo que nos axudan a coñecer fenómenos como a mobilidade das poboacións e tamén sobre a circulación de ideas.

A presenza de novas sobre a aparición de arte esquemática nos xornais e a través das redes sociais promoveu un grande interese social por estas manifestacións pouco coñecidas ata agora neste ámbito xeográfico. Esta xornada pretende achegar o fenómeno da pintura rupestre pospaleolítica e o encontro entre distintas tradicións rupestres á sociedade, así como contextualizar estes achados nunha visión integrada transfronteiriza.

Programa

16:15 horas
Inauguración

16:30 horas
Miradas transfronteirizas: a pintura rupestre da comarca de Monterrei (Ourense) no seu contexto territorial
Beatriz Comendador Rey, Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio, Universidade de Vigo

17:00 horas
Miradas desde o máis aló: a pintura rupestre de Casaio (Carballeda de Valdeorras, Ourense). Unha análise preliminar
Carlos Tejerizo (Incipit-CSIC), **Francisco Alonso** (Estela Arqueoloxía e Patrimonio/USC) e **Manuel Santos** (Universidade do Minho)

17:30 horas
Pausa

18:00 horas
Do imóvel ao móvel: símbolos, artefactos e arte esquemática na Península Ibérica
Andrea Martins, investigadora Pós-Doc, FCT, Uniarq-Centro de Arqueologia, Facultade de Letras da Universidade de Lisboa

18:30 horas
As tradições de arte pré-histórica do Noroeste Peninsular: uma visão de conjunto
Lara Amaral Bacelar Alves, investigadora Pós-Doc, Centro de Estudos em Arqueologia, Artes e Ciências do Património, Universidade de Coimbra

19:00 horas
Debate

20:00 horas
Peche da xornada

Organiza

Sección de Patrimonio e Bens Culturais (CCG)
Consello da Cultura Galega

Colabora

Universidade de Vigo
Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio
Universidade de Coimbra
Centro de Estudos em Arqueologia, Artes e Ciências do Património

Coordina

Lara Amaral Bacelar Alves
Beatriz Comendador

Lugar

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

Inscrición

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.
Entregarase diploma acreditativo de asistencia ao encontro.
Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

Máis información

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>



Organiza



Colaboran

Universidade de Vigo

GEAAT

